LUGO

Anuncio

De conformidade co disposto no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracions públicas, faise público través do presente anuncio, o contido do acordo da Xunta de Goberno Local 6/434, adoptado na sesión celebrada o 22/10/2026 polo que se dispón a **APROBACIÓN DAS BASES DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS COMPETITIVAS 2026 DA ÁREA DE PARTICIPACIÓN E SERVIZOS PARA A VECIÑANZA, DIRIXIDAS A ASOCIACIÓNS VECIÑAIS QUE REALIZAN ACTIVIDADES NA ESFERA DA**

PARTICIPACIÓN SOCIAL, a fin de que as persoas interesadas poidan presentar as solicitudes que estimen oportunas, **no prazo de QUINCE DÍAS HÁBILES**, contados a partir do día seguinte ao da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

A continuación insírese o contido da parte dispositiva do referido acordo 6/434 da Xunta de Goberno Local no cal dáselle redacción definitiva ás Bases Reguladoras:

"PRIMEIRO.- Aprobar a convocatoria para o exercicio 2026 de subvencións na Área de Participación e Servizos para a Veciñanza, dirixidas ás asociacións veciñais do termo municipal de Lugo, para o desenvolvemento de programas e actividades de interese xeral e sectorial orientados á difusión e fomento do asociacionismo, voluntariado e participación cidadá na vida pública do concello, de conformidade coas bases establecidas neste procedemento de concorrencia competitiva.

SEGUNDO.- Aprobar o gasto de 22.500,00 €, a que ascende o importe total das subvencións que se outorgarán por parte da tenenta de alcaldesa da Área de Economía, Participación, Servizos á Veciñanza e Benestar Animal, con cargo á aplicación orzamentaria 92400.48900 (MC RC: 57546/2026).

TERCEIRO.- Aprobar a normativa reguladora desta convocatoria que se rexerá polo establecido nas seguintes **BASES XERAIS REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS NA ÁREA DE PARTICIPACIÓN E SERVIZOS PARA A VECIÑANZA, ÁS ASOCIACIÓNS DE VECIÑAS E VECIÑOS SEN ÁNIMO DE LUCRO QUE DESENVOLVEN A SÚA ACTIVIDADE NA ESFERA DA PARTICIPACIÓN CIDADÁ PARA O EXERCICIO 2026**

Artigo 1. Obxecto e finalidade

Estas bases teñen por obxecto a regulación da concesión de subvencións por parte do Concello de Lugo na Área de Economía, Participación, Servizos á Veciñanza e Benestar Animal, e vai dirixida ás asociacións de veciñas e veciños sen ánimo de lucro, legalmente constituídas, inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Lugo para a realización de actividades relacionadas co fomento do asociacionismo e a democracia participativa a través do desenvolvemento de diferentes proxectos e actividades en materia de participación cidadá.

Ademais do financiamento de actividades e programas concretos, esta convocatoria ten tamén como finalidade apoiar o carácter social e participativo do tecido asociativo veciñal e contribuír á continuidade e sustentabilidade das propias entidades, como obxectivo en si mesmo desta convocatoria, máis alá do

financiamento illado de eventos puntuais. Este principio deberá terse en conta na interpretación e aplicación destas bases, en particular no relativo aos gastos subvencionables (artigo 9).

Estas bases desenvolven a liña de subvencións en réxime de concorrencia competitiva prevista para a Área de Economía, Participación, Servizos á Veciñanza e Benestar Animal no Plan estratéxico de subvencións do Concello de Lugo 2026-2028, aprobado por unanimidade por acordo da Xunta de Goberno Local do 27 de xullo de 2026, coa mesma aplicación orzamentaria (92400.48900) e a mesma contía anual (22.500,00 €, previstas ademais para os exercicios 2027 e 2028). A misión que este plan atribúe ao conxunto da actividade subvencional do Concello

—"impulsar, promover e potenciar a participación da sociedade civil estruturada da nosa cidade nos distintos ámbitos de xestión municipal de interese concorrente"— e os obxectivos específicos que fixa para esta liña (promoción do asociacionismo, fomento da democracia participativa, asesoramento ao persoal directivo das asociacións en materia de igualdade e participación, e contribución á redución da fenda dixital mediante o fomento do uso de novas tecnoloxías en materia de participación cidadá) inspiran e encadran as liñas de actuación e os criterios de valoración destas bases. Os criterios do artigo 8 aplícanse de forma equivalente, aínda que diferenciada, tanto á Liña 1 (actividades) coma á Liña 2 (gastos de mantemento), de xeito que ambas as liñas compitan en igualdade real dentro do mesmo procedemento de concorrencia competitiva, incluído o criterio de novas tecnoloxías/redución da fenda dixital.

Concretamente, irá dirixida ás seguintes liñas de actuación para realizar no exercicio 2026:

Liña 1. Proxectos de utilidade pública e interese social, orientados á difusión e fomento do asociacionismo, voluntariado e participación cidadá na vida pública do Concello, comprendidas no seu ámbito competencial e que o veñan a complementar, tomando como referencia as seguintes liñas:

- Actividades que fomenten o asociacionismo e a implicación da cidadanía nos procesos de participación social.
- Eventos, xornadas e actividades culturais e de formación, difusión, concienciación e debate de temáticas de interese social e participativo, igualdade de homes e mulleres, saúde pública, no ámbito da participación social.

Anuncio publicado en: Num BOP 250 año 2026 (31/10/2026 08:00:00)

- Programas de integración de grupos vulnerables na vida social que contribúan a facilitar a convivencia e que fomenten a responsabilidade social e a solidariedade.

- Actividades de recuperación da historia social da cidade, das súas xentes, dos seus logros, das tradicións locais, e de dinamización social dos barrios.

- Proxectos dirixidos a fomentar o uso de espazos de encontro virtual e/ou fundamentados na utilización das novas tecnoloxías como vehículo de participación e traballo en equipo.

Liña 2. Gastos de mantemento, pequena reparación e funcionamento necesarios para a realización das iniciativas para desenvolver dentro do programa anual. Serán subvencionables as actuacións establecidas no artigo 9 baixo a epígrafe "gastos subvencionables".

Para o non previsto nestas bases, será de aplicación o Plan estratéxico de subvencións do Concello de Lugo 2026-2028, a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, a Ordenanza xeral municipal reguladora da concesión de subvencións, as bases de execución do orzamento, o Regulamento de control interno do Concello de Lugo, o Regulamento (UE) 2016/679 e a Lei orgánica 3/2018 en materia de protección de datos, e demais normativa legal de aplicación.

Artigo 2. Entidades beneficiarias. Requisitos

Poderán acollerse a esta convocatoria de subvencións todas as asociacións ou entidades sen ánimo de lucro que cumpran os seguintes requisitos:

- a) Estar legalmente constituídas e domiciliadas no Concello de Lugo.

- b) As entidades beneficiarias deberán estar inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Lugo, coa categoría de veciñal, cunha antigüidade superior a UN ANO.

- c) Estar ao corrente das súas obrigas tributarias estatais, autonómicas, locais e da Seguridade Social.

- d) Non estar incursas nos supostos previstos nos artigos 10.2 e 10.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como nos 13.2 e 13.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

- e) Ter xustificados debidamente os gastos correspondentes a subvencións concedidas con anterioridade polo Concello de Lugo.

- f) Desenvolver actividades e/ou programas que beneficien a persoas e/ou colectivos no eido da participación cidadá.

- g) Desenvolver actividades e/ou programas que complementen a programación de Participación cidadá realizada pola Área de Economía, Participación, Servizos á Veciñanza e Benestar Animal.

- h) Non percibir, durante este exercicio económico, ningunha subvención municipal das previstas nominativamente no orzamento xeral de 2026.

- i) Ter presentado na Oficina de Participación Cidadá o orzamento, memoria de actividades anual e renovación dos membros da directiva referido ao ano 2026.

- j) Non utilizar a imaxe da muller como reclamo con connotacións de tipo sexual ou a denigración da súa imaxe (Acordo plenario 9/124, do día 30-06-2016).

Artigo 3. Créditos orzamentarios e contía das subvencións

No orzamento municipal para o exercicio de 2026 existe consignación orzamentaria para a concesión de subvencións segundo se indica na seguinte táboa:

Área	Aplicación orzamentaria	Importe
Economía, Participación, Servizos á Veciñanza e Benestar Animal	92400.48900	22.500,00 €

Esta aplicación orzamentaria e contía coinciden exactamente coas previstas para esta mesma liña de subvencións na ficha correspondente do Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Lugo 2026-2028 (acordo da Xunta de Goberno Local do 27 de xullo de 2026): concorrencia competitiva, aplicación 92400.48900, 22.500,00 € anuais para 2026, 2027 e 2028.

Artigo 4. Forma e prazo de presentación de solicitudes

As solicitudes de subvención, xunto coa documentación precisa, presentaranse, consonte o disposto no artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, LPACAP, por medios electrónicos, ben a través da sede electrónica

Anuncio publicado en: Num BOP 250 año 2026 (31/10/2026 08:00:00)

(https://lugo.gal) ou a través de calquera dos rexistros electrónicos das administracións públicas segundo establece o artigo 16.4a) do mesmo texto legal.

A convocatoria para a adxudicación das subvencións previstas nestas bases publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Lugo na forma e nos termos previstos na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

O prazo para presentar as solicitudes será de **QUINCE DÍAS HÁBILES**, contados dende o seguinte ao da publicación oficial do extracto da convocatoria, no BOP de Lugo, na forma e nos termos previstos na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (artigos 17.3.b, 18 e 20.8).

Así bases publicaranse ademais do Boletín Oficial da Provincia de Lugo, na páxina web (http://concellodelugo.gal), no Taboleiro Electrónico e no Portal de Transparencia e Bo Goberno do Concello de Lugo.

Artigo 5. Documentación para achegar coas solicitudes de subvención

– Solicitude, segundo o modelo do ANEXO I, no que se inclúe:

- O compromiso de destinar a subvención que se conceda á execución do proxecto ou actividade solicitada.
- A autorización ao Concello para comprobar nas diferentes administracións os datos tributarios e outras informacións declaradas.
- Memoria explicativa da actividade ou programa para subvencionar con inclusión da relación de gastos e ingresos, obxectivos, interese xeral etc. que se deberá cubrir no caso de que se solicite subvención de acordo coa **Liña 1**, que poderá vir acompañada do proxecto que se estime máis conveniente a fin de acadar unha mellor avaliación.
- Memoria explicativa coa descrición do gasto de mantemento e funcionamento necesarios para a realización das iniciativas a desenvolver dentro do programa anual, para cubrir no caso de que se solicite subvención acorde coa **Liña 2**.
- Táboa declarativa dos datos necesarios para proceder á valoración dos criterios establecidos no artigo 8 destas bases, que deberá vir acompañada da xustificación que se indica en cada caso.
- Declaración responsable, acreditativa dos seguintes puntos:

1. Das subvencións ou axudas solicitadas ou percibidas pola entidade solicitante por parte doutras entidades públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras, para o financiamento da actividade para a que se solicita a subvención.

1. De que a actividade, proxecto, obxectivo ou programa para o que se solicita a subvención se vai efectuar nos termos establecidos no proxecto da actividade ou programa que se presenta.
2. De que a entidade está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias fronte á: Axencia Estatal da Administración Tributaria, á Tesourería Territorial da Seguridade Social e ao Concello de Lugo, respectivamente, ou, se é o caso (aquelas nas que a cuanto a outorgar a cada beneficiario non supere na convocatoria o importe de 3.000 euros), incorporar ao expediente declaración xurada por parte da entidade beneficiaria, de atoparse ao corrente das súas obrigas de carácter tributario e de Seguridade Social, conforme o artigo 24.4 do Real decreto 887/2006, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, xeral de subvencións.
3. De que a entidade non se atopa inhabilitada nin está incursa en ningunha das causas de prohibición sinaladas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións para obter a condición de beneficiaria da subvención.
4. De que o persoal que desenvolve as súas funcións na entidade non ten relación laboral ningunha co Concello de Lugo.

– Certificacións acreditativas do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social. No caso de que a contía solicitada pola entidade beneficiaria non supere na convocatoria o importe de 3.000 euros, estas certificacións poderán ser substituídas por unha declaración responsable.

– Certificación da secretaría da entidade na que conste a existencia ou departamento de muller e igualdade, se fose o caso.

– Acordos ou actas da entidade acreditativas do funcionamento das vogalías ou departamentos específicos de muller.

– Certificación bancaria na que figure o número de conta da entidade solicitante.

– Calquera outro documento ou memoria de proxecto que se considere de interese para acadar unha mellor avaliación da solicitude.

No caso de que a documentación presentada teña algún defecto ou sexa incompleta, formularase o correspondente requirimento para que a entidade beneficiaria, no prazo de 10 días, emende a falta ou acompañe os documentos preceptivos, e de non cumprir o dito requirimento, terase por desistido da súa solicitude, conforme o artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións publicas.

Anuncio publicado en: Num BOP 250 año 2026 (31/10/2026 08:00:00)

Dado o carácter competitivo do procedemento**, advírtese expresamente** de que en ningún caso se concedera prazo para a mellora da documentación valorable e puntuable; a non acreditación dos criterios para outorgar os puntos establecidos no artigo 8 "criterios de valoración e contía da subvención" implicará a asignación de 0 puntos no respectivo criterio puntuable.

Artigo 6. Procedemento de tramitación e resolución das subvencións

O procedemento para a concesión das subvencións previstas nestas bases axustarase ao establecido nos artigos 26, 27, 28 e 29 da Ordenanza municipal de subvencións; nos artigos 20, 21, 22, 23 e 24 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, concordantes cos artigos 23, 24, 25 e 26 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións coas seguintes precisións:

- As solicitudes de subvención formuladas para as subvencións previstas nestas bases que teñan entrada no Rexistro electrónico do Concello serán dirixidas ao Servizo de Participación e Atención Cidadá, Sección de Participación e Mercados.

- O procedemento para a tramitación das solicitudes de subvención que se formulen conforme a estas bases instruirao no Servizo de Participación e Atención Cidadá, Sección de Participación e Mercados, o técnico ou técnica competente do dito servizo, que realizará as actuacións que se sinalan no artigo 28 da ordenanza.

O órgano competente para resolver o procedemento é a Xunta de Goberno Local do Concello, competencia delegada nas/os tenentas/es de alcaldesa delegadas/os de área e nas/os concelleiras/os delegadas/os conforme Acordo da Xunta de Goberno Local 40/607, do 26.07.2023**.**

Comisión avaliadora:

Composición:

- Presidente/a: xefa de Servizo de Participación e Atención Cidadá ou persoa que a substitúa.

- Vogais: traballador/a adscrito/a ao Servizo de Participación e Atención Cidadá. Un funcionario/a coa categoría de técnico/a adscrito ao Servizo de

Intervención

- Secretario/a: xefe/a de Sección de Participación Cidadá e Mercados ou ben xefe/a de Sección de Atención Cidadá ou persoa que as substitúan.

Excepcionalmente, o posto de secretaria/o e vogal poderán ser acumulados na mesma persoa.

Funcións:

Emitir o ditame no que se concrete o resultado da avaliación efectuada á vista dos expedientes e informes remitidos polo órgano instrutor do procedemento.

Órgano instrutor: funcións:

- Requirirlle á entidade solicitante naqueles supostos nos que a documentación presentada resulte incompleta e/ou defectuosa para que no prazo de dez días hábiles emende as deficiencias observadas, de conformidade e cos efectos previstos no artigo 25 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, considerándose desistida do seu dereito se transcorrido o prazo non atende ao requirido.

- Requirir os informes precisos e efectuar as comprobacións que estime oportunas a fin de verificar os datos achegados para unha mellor valoración das solicitudes.

- Realizar a preavaliación das solicitudes verificando o cumprimento das condicións impostas para adquirir a condición de beneficiaria/o e efectuar a avaliación conforme aos criterios, formas e prioridades dispostos na convocatoria, elevando o correspondente informe á comisión de valoración de cada un dos expedientes.

- O órgano instrutor, en función da puntuación obtida por cada expediente, formulará a proposta de resolución que será aprobada pola concelleira da Área de Economía, Participación, Servizos á Veciñanza e Benestar Animal.

- Prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento. Este será de SEIS MESES, contados a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria. Transcorrido o dito prazo sen que se adopte resolución expresa, a solicitude poderase entender desestimada.

A resolución poñerá fin á vía administrativa, e contra ela as persoas interesadas poderán interpoñer recurso de reposición ante o mesmo órgano ou ben, alternativamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo.

- Non se admite a reformulación das solicitudes para os supostos nos que a subvención concedida sexa inferior á que figura na solicitude.

- A aceptación da subvención concedida entenderase efectuada se no prazo de quince días hábiles, contados a partir do seguinte hábil ao da notificación, non renunciasen a ela expresamente mediante escrito dirixido ao órgano concedente.

Anuncio publicado en: Num BOP 250 año 2026 (31/10/2026 08:00:00)

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións doutras administracións públicas ou entidades privadas poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.

- As subvencións que se outorguen ao abeiro desta convocatoria serán compatibles con outras para o mesmo fin sen que en ningún caso o importe total subvencionado poida superar o 90% do custo total da actividade. O 10 % do gasto proposto e orzamentado no proxecto presentado deberá ser financiado exclusivamente pola asociación ou entidade.

Artigo 7. Publicidade das subvencións concedidas

Procederase á publicación da concesión das subvencións outorgadas conforme ao artigo 8 da Ordenanza xeral municipal reguladora da concesión de subvencións e ao Título II da Lei 19/2013, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno. O Concello facilitará ademais a información procedente á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), conforme ao artigo 18.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Artigo 8. Criterios de valoración e contía da subvención

A concesión ou denegación das subvencións, así como a súa cuantificación económica, efectuarase tendo en conta os seguintes criterios:

Núm.	Criterio de valoración	Puntuación
1	Local social exclusivo para uso da entidade (alugueiro ou propiedade) (*)	1
2	Realización de actividades de autofinanciamento a maiores do 10% obrigado no artigo 11 (cotas de socios/as, outros ingresos propios) — 1 punto por cada ítem	2
3	Renovación de postos directivos nos últimos 5 anos (comunicada á Sección de Participación) (*)	1
4	**Análise da memoria presentada** (liña 1: memoria de actividade; liña 2: memoria de xustificación do gasto de mantemento): a) Definición clara e coherente do proxecto ou da necesidade de mantemento (máx. 2 puntos): 1. Descrición exhaustiva da actividade ou necesidade de mantemento, detallando o "que, como, cando e onde" cun cronograma preciso. 2 puntos. 2. Definición clara pero xenérica, faltan detalles sobre a execución práctica ou tempo.1 punto 3. Descrición ambigua, incompleta o sen relación directa co obxecto solicitado. 0 puntos. b) Análise de obxectivos e fins de carácter participativo e de cohesión social perseguidos (máx. 2 puntos): 1. Os obxectivos son plenamente acordes cos fins estatutarios da entidade. 1 punto. 2. O proxecto promove explicitamente dinámicas de participación cidadá activa e/ou cohesión social (mesas de traballo, asembleas, rede veciñal). 1 punto. c) Adecuación ás liñas prioritarias enumeradas no artigo 1 (liña 1) ou ao carácter necesario do gasto para o funcionamento do local (liña 2): (máx. 2 puntos) 1. Liña 1 (actividades): 2 puntos se o proxecto encaixa directamente en dúas ou máis liñas prioritarias do artigo 1; 1 punto se só encaixa nun xeito secundario. 2. Liña 2 (mantemento): 2 puntos se o gasto de funcionamento (luz, auga, alugueiro etc.) é estritamente indispensable para abrir o Local; 0 puntos se son gastos imprescindibles.	6
5	Promoción ou participación gratuíta en accións específicas para a igualdade entre xéneros en colaboración co Concello(*)	3
6	Accesibilidade universal das actividades propostas para persoas con discapacidade (*)	7
	Número de puntos máximo	**20**

(*) A valoración destes criterios deberá ir precedida da xustificación documental do seu cumprimento, segundo se detalla na táboa resumo do artigo 5 e no anexo I.

Anuncio publicado en: Num BOP 250 año 2026 (31/10/2026 08:00:00)

Denegaráselles a subvención ás entidades cuxos proxectos non acaden unha puntuación mínima do 30% da puntuación máxima (6 puntos sobre 20). O importe individual máximo por entidade será de 2.000 euros. Non se poderá solicitar subvención por importe superior ao 90% do custo total da acción.

Repartición do crédito entre os expedientes admitidos (modulación para evitar efectos de saturación): unha vez sumada a puntuación de todos os expedientes admitidos, o crédito total distribuirase de forma proporcional ao número de puntos obtidos por cada un deles (artigo 22.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e artigo 19 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, que esixen unha xenuína comparación e prelación entre as solicitudes), mediante o seguinte procedemento de cálculo por iteracións:

- 1º. Calcúlase un valor punto provisional dividindo o crédito dispoñible entre a suma de puntos de todos os expedientes admitidos.
- 2º. Para os expedientes nos que o resultado (puntos × valor punto) supere o importe solicitado ou o límite individual de 2.000 €, fíxase o seu importe definitivo no menor destes dous valores, e retíranse tanto o expediente coma os seus puntos, e o seu importe do cálculo.
- 3º. Co crédito e cos puntos das asociacións que quedaron por debaixo do limite, calcúlase un novo valor punto para estas (total do diñeiro sobrante/puntos das asociacións que non alcanzaron o máximo), sumando a cantidade extra as que xa tiñan na primeira volta e repítese o proceso mentres existan asociacións que superen o seu propio límite.
- 4º. O proceso remata cando ningunha asociación supere o límite e se repartan os 22.500 euros.

Artigo 9. Gastos subvencionables

Considéranse gastos subvencionables aqueles que respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen dentro do ano 2026 e con anterioridade á finalización do período de xustificación. Serán subvencionables os gastos correntes necesarios para o desenvolvemento da actividade: persoal e prestación de servizos culturais, vestiario, desprazamento/aloxamento imprescindibles, sen incluír en ningún caso gastos de comida ou manutención, alugamentos, material expositivo non inventariable (ata un máximo do 80% do orzamento valorado); publicidade, imprenta, fotocopias e consumibles, transporte e locomoción (ata un máximo do 20% do orzamento valorado); e gastos de funcionamento e mantemento do local social exclusivo (subministracións, pequena reparación).

Non serán subvencionables: bebidas alcohólicas ou produtos prexudiciais para a saúde; gastos de investimento (adquisición, construción ou reforma de bens inventariables); xuros, recargas e sancións; gastos de procedementos xudiciais; gastos de comida e manutención de calquera tipo, incluídas comidas, ceas, cátering e degustacións gastronómicas, con independencia de que se realicen no marco dunha excursión, saída ou desprazamento e de que non constitúan a finalidade principal da actividade; e impostos e taxas municipais.

Artigo 10. Pago anticipado

De acordo co previsto no art. 17.3 k) e art. 34.4 da Lei xeral de subvencións e os art. 88.2, e 42 e 43 do Regulamento da Lei xeral de subvencións, prevese un pagamento anticipado do 50% do importe da subvención en concepto de entrega de fondos con carácter previo á xustificación.

Este pagamento tramitarase tras solicitude no modelo oficial (ANEXO IV) que deberá presentarse dentro do prazo de presentación de solicitudes.

En ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando fose solicitada a declaración de concurso voluntario, fosen declarados insolventes en calquera procedemento ou fosen declarados en concurso, agás que neste adquirira a eficacia dun convenio, estean suxeitos a intervención xudicial ou fosen inhabilitados conforme ao Real decreto lexislativo 1/2020, do 5 de maio, polo que se aproba o texto refundido da Lei concursal, sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.

Tampouco poderá facerse o pago anticipado no suposto de que a entidade beneficiaria non se atope ao corrente nas obrigas tributarias xa sexan estatais, autonómicas ou locais e fronte á Seguridade Social ou ben sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

No suposto de non executar ou non xustificar a totalidade da cantidade aboada en concepto de anticipo, presentarase documentación xustificativa do reintegro da parte non executada ou non xustificada. De non cumprirse con esta obriga, procederá o reintegro da cantidade percibida e non executada e con esixencia dos xuros de demora correspondentes dende o momento do pagamento da achega ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

O pagamento polo importe restante tramitarase unha vez que a entidade presente toda a documentación xustificativa esixida e tras os correspondentes trámites oportunos.

Artigo 11. Xustificación do gasto e pagamento da subvención

Concedida a subvención, e para proceder ao seu cobramento, as entidades beneficiarias deberán presentar a documentación xustificativa da realización da actividade para a que solicitan a subvención. Esta presentación farase de acordo co disposto no artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, LPACAP, por medios electrónicos,

Anuncio publicado en: Num BOP 250 año 2026 (31/10/2026 08:00:00)

ben a través da sede electrónica (https://lugo.gal) ou a través de calquera dos rexistros electrónicos das administracións públicas segundo o artigo 116.4 a) do mesmo texto legal.

Documentación para achegar:

- Memoria explicativa detallada con relación de gastos (acredor, documento, importe, datas, porcentaxe de imputación); exemplares de materiais editados; e, se procede, informe explicativo das diferenzas entre o orzamento presentado e o executado.

En todo caso, o orzamento realmente executado, tanto na liña 1 como na liña 2, non poderá ser inferior ao 80% do presentado e avaliado para a concesión da subvención (límite unificado para ambas liñas).

Facturas e demais documentos de valor probatorio: só se admitirán como xustificantes de gasto facturas completas que cumpran os requisitos establecidos no Real decreto 1619/2012, do 30 de novembro (identificación completa do NIF/CIF do emisor e do receptor, detalle de conceptos, número e data de factura). Non se admitirán tíckets simplificados, recibos sen datos fiscais completos nin notas de entrega sen valor de factura. Deberá acreditarse o pagamento mediante resgardo bancario da transferencia ou domiciliación, conforme o artigo 18 da Lei 11/2021, de medidas de prevención e loita contra a fraude fiscal (prohibición de pagos en efectivo iguais ou superiores a 1.000 euros entre empresario/profesional).

Declaración responsable (anexo II): nos mesmos termos que na solicitude (anexo I), acreditando ademais que as facturas presentadas non foron nin serán presentadas como xustificación doutra subvención, que non inclúen impostos indirectos recuperables, e que os gastos xa foron aboados.

Declaración de uso de local (novidade 2026 — anexo III): cando se xustifiquen gastos de mantemento por subministracións (enerxía eléctrica, auga e similares) dentro da liña 2, deberá achegarse ademais unha declaración responsable de uso de local e actividade, segundo o modelo normalizado do anexo III, na que a entidade declare o uso efectivo e continuado do local social e a vinculación exclusiva dos consumos facturados coa súa actividade, coa finalidade de acreditar que os gastos de subministracións corresponden realmente ao funcionamento do local e non a un uso alleo á actividade subvencionada.

No caso de documentación incompleta ou defectuosa, requiriráselle á entidade a emenda en 10 días (artigo 68 Lei 39/2015). Non se realizarán pagos a conta nin anticipados. O pagamento efectuarase mediante transferencia bancaria.

Artigo 12. Contía para xustificar

A entidade beneficiaria deberá xustificar o gasto correspondente ao importe da subvención concedida mais o 10% do custo total do proxecto presentado e orzamentado, con independencia do gasto efectivo total devindicado. Se o importe xustificado non acada o 50% do importe concedido, entenderase non cumprida a finalidade subvencionada, e producirase a perda do dereito ao cobramento, sen prexuízo das sancións que procedan.

Artigo 13. Obrigas das persoas ou entidades beneficiarias

Ademais das sinaladas no artigo 11 da Lei 9/2007 e artigo 14 da Lei 38/2003: presentar a programación, publicidade e difusión en idioma galego; non modificar a programación sen autorización previa do Concello; facer constar en toda publicidade que a actividade está subvencionada polo Concello de Lugo (incluíndo o seu logotipo); comunicarlle ao Concello a realización da actividade; e comunicar o orzamento, programa de actividades e número de socios/as correspondente ao ano 2026.

Artigo 14. Data límite para xustificar

A data límite para xustificar a totalidade da subvención concedida será a do 31 de xaneiro de 2027. Se a xustificación presentada non reúne os requisitos, concederase un prazo de dez días para a emenda; se non se presenta xustificación, requirirase no prazo improrrogable de 15 días (artigo 70.3 RD 887/2006), sen prexuízo das sancións que correspondan.

Artigo 15. Réxime de infraccións e sancións

1. Constitúen infraccións administrativas en materia de subvencións as accións e omisións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e serán sancionables incluso a título de simple neglixencia.
2. As infraccións cometidas en materia das subvencións obxecto desta convocatoria sancionaranse mediante a imposición das sancións previstas na dita Lei 38/2003.
3. O procedemento sancionador axustarase ao previsto no título IV da dita Lei 38/2003.
4. A presentación fóra de prazo da xustificación considerarase unha infracción leve, de conformidade co establecido nos artigos 52 a 69 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións. Para os ditos efectos, logo da tramitación previa do expediente oportuno, poderanse impoñer as seguintes sancións:

- 10% do importe da subvención concedida, ata un máximo de 450 €, no caso de que se presente a xustificación fóra de prazo, con anterioridade a efectuar o requirimento adicional da xustificación.

- 20% do importe da subvención concedida ata un máximo de 900 €, no caso de que se presente a xustificación no prazo concedido no requirimento adicional.

Anuncio publicado en: Num BOP 250 año 2026 (31/10/2026 08:00:00)

Artigo 16. Protección de datos persoais

En cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 (RXPD) e da Lei orgánica 3/2018, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, infórmase ás entidades solicitantes de que:

- Responsable do tratamento: Concello de Lugo.
- Finalidade: xestión, tramitación, resolución e control do procedemento de concesión de subvencións regulado nestas bases.
- Lexitimación: cumprimento dunha obriga legal e exercicio de poderes públicos (artigo 6.1.c) e e) RXPD, en relación coa Lei 38/2003 e a Lei 9/2007).
- Destinatarios: outras administracións públicas cando así o esixa unha norma con rango de lei, en particular a Base de datos nacional de subvencións (BDNS).
- Prazo de conservación: o establecido na normativa de arquivos e documentación administrativa e na normativa reguladora de subvencións.
- Dereitos: acceso, rectificación, supresión, limitación do tratamento, oposición e portabilidade, exercitables ante o Concello de Lugo (praza Maior, 1, 27001 Lugo) ou ante a Axencia Española de Protección de Datos.

Artigo 17. Anexos normalizados

ANEXO I. Modelo normalizado de solicitude de subvención.

ANEXO II. Modelo normalizado para a xustificación da subvención.

ANEXO III. Modelo normalizado de declaración responsable de uso de local e actividade (esixible, conforme ao artigo 10, quen xustifique gastos de mantemento por subministracións dentro da liña 2).

Anuncio publicado en: Num BOP 250 año 2026 (31/10/2026 08:00:00)

“ANEXO I

— SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN

CONCELLO DE LUGO Área de Economía, Participación, Servizos á Veciñanza e Benestar Animal

Solicitude de subvención para asociacións veciñais sen ánimo de lucro que desenvolven a súa actividade no eido da participación cidadá. Exercicio 2026.

1. Datos da asociación / entidade

Nome da entidade	
CIF	
Nº de Rexistro Municipal de Asociacións	
Enderezo social	
Concello	
Provincia	
Código postal	
Teléfono	
Correo electrónico corporativo	

2. Datos da persoa representante

Nome e apelidos	
NIF / NIE	
Cargo na asociación	
Correo electrónico para os efectos de notificación	

3. **Descrición do local social**

Superficie (m²)	
Número de habitáculos / distribución	
Localización	
Uso exclusivo da asociación (SI / NON)	

4. Programación anual da asociación para o exercicio 2026

Nome e breve descrición de todas e cada unha das accións que a asociación vai desenvolver.

Programación anual 2026

5. Memoria para a fase de valoración (criterios do artigo 8)

Criterio 1 — Local social exclusivo para uso da entidade (alugueiro ou propiedade). Máx. 1 punto.

☐ NON

☐ SI (*) Achegar xustificación documental do alugueiro, propiedade ou cesión.

Anuncio publicado en: Num BOP 250 año 2026 (31/10/2026 08:00:00)

Criterio 2 — Realización de actividades de autofinanciamento por riba do 10 % obrigado no artigo 11. 1 punto por cada modalidade, máx. 2 puntos.

☐ NON

☐ SI — cotas de socios/as

☐ SI — outras actividades de financiamento (especificar a seguir)

Especificar outras actividades	
Importe total de autofinanciamento no exercicio (€)	

(*) Acredítase mediante a declaración responsable incluída neste anexo (apartado 8). Non é necesario achegar certificación bancaria; a entidade conservará os xustificantes por se lle son requiridos.

Criterio 3 — Renovación de postos directivos nos últimos 5 anos. Máx. 1 punto.

Ano da última renovación de postos directivos	

(*) Verificación de oficio polo Servizo de Participación sobre a documentación que xa consta no Rexistro Municipal de Asociacións. Non é necesario achegar proba.

Criterio 4 — Análise da memoria presentada. 2 puntos por cada ítem, máx. 6 puntos.

Valórase sobre o contido dos apartados 6 (Liña 1) e/ou 7 (Liña 2) desta solicitude:

- definición clara e coherente do proxecto ou da necesidade de mantemento:

Deberá xustificarse coa seguinte documentación: presentación para a LIÑA1 de memoria detallada do proxecto. Para Liña 2: memoria explicativa técnico-económica da necesidade do mantemento do local.

Obxectivos acordes cos fins da entidade e cos obxectivos de carácter participativo e de cohesión social; adecuación ás liñas prioritarias do artigo 1 (Liña 1) ou carácter necesario do gasto para o funcionamento do local (Liña 2); e proporcionalidade entre os recursos solicitados e os fins perseguidos.

Análise de obxectivos e fins: deberá presentarse copia dos estatutos vixentes da entidade e apartado específico de obxectivos e impacto na memoria presentada.

Criterio 5 — Promoción ou participación en accións específicas para a igualdade entre xéneros. Máx. 3 puntos.

☐ NON

☐ SI (indicar denominación da actividade a seguir)

Denominación da actividade	

(*) Se a actividade a organizou a Ãrea de Participación: non é necesario achegar proba, verifícase internamente. Se a organizou a entidade ou un terceiro: achegar programa oficial con mención expresa e folla de sinaturas. Non se admiten como proba única fotografías privadas nin notas de prensa.

Criterio 6 — Accesibilidade universal da actividade proposta para persoas con discapacidade (novidade 2026). Máx. 7 puntos.

Describir brevemente como a/as actividade/s son accesibles (accesibilidade física e/ou de contidos)

6. Liña 1 — Realización de actividades

Cubrir só no caso de que se solicite subvención para a realización de actividades.

Denominación do programa ou actividade	
Orzamento total da actividade (€)	
Importe da subvención solicitada (€) — non poderá superar o 90 % do orzamento total	

Anuncio publicado en: Num BOP 250 año 2026 (31/10/2026 08:00:00)

A quen vai dirixida a actividade (marcar o que proceda)

Poboación por tramos de idade:

☐ Infancia (0 a 10 anos)

☐ Adolescencia (11 a 17)

☐ Idade adulta (18 a 64)

☐ Terceira idade (65 a 80)

☐ Máis de 80 anos

Poboación por ocupacións:

☐ Poboación estudante

☐ Poboación traballadora (sector primario, secundario ou terciario)

☐ Poboación pensionista

Poboación pertencente a colectivos desfavorecidos:

☐ Terceira idade

☐ Minorías étnicas

☐ Persoas en risco de exclusión social

☐ Persoas con discapacidade

Memoria da acción para subvencionar (descrición pormenorizada de cada unha das accións concretas)
Motivos polos que se desenvolve esta acción e beneficios que se pretenden acadar
Obxectivos de carácter participativo e de cohesión social perseguidos (art. 8, criterio 4)
Lugar previsto para a realización da actividade
Cronograma de realización (cando se van realizar as actividades e as accións preparatorias)
Recursos materiais necesarios

Anuncio publicado en: Num BOP 250 año 2026 (31/10/2026 08:00:00)

Recursos humanos necesarios

Recursos económicos — orzamento detallado previsto (incluír gastos financiables e non financiables)

INGRESOS — Concepto	**Importe (€)**	**GASTOS— Concepto**	**Importe (€)**
		Persoal / monitoraxe / servizos culturais	
		Alugamento de espazos ou equipamento	
		Material e subministracións	
		Publicidade, imprenta e difusión	
		Desprazamento / aloxamento (non se admiten gastos de comida — art. 9)	
		Outros gastos correntes	
Importe total de ingresos		**Importe total de gastos**	

7. Liña 2 — Gastos de mantemento

Cubrir só no caso de que se solicite subvención para gastos de mantemento, pequena reparación e funcionamento necesarios para a realización das iniciativas da programación anual.

Importe da subvención solicitada para a Liña 2 (€)	
Descrición dos gastos de mantemento	
Xustificación da súa necesidade para o funcionamento do local (art. 8, criterio 4)	

Orzamento detallado previsto dos gastos de mantemento

INGRESOS — Concepto	**Importe (€)**	**GASTOS — Concepto**	**Importe (€)**
		Persoal / monitoraxe / servizos culturais	
		Alugamento de espazos ou equipamento	
		Material e subministracións	
		Publicidade, imprenta e difusión	
		Desprazamento / aloxamento (non se admiten gastos de comida — art. 9)	
		Outros gastos correntes	
Importe total de ingresos		**Importe total de gastos**	

(*) Se se xustifican gastos de mantemento por subministracións (enerxía eléctrica, auga e similares), será esixible a declaración responsable de uso de local e actividade do anexo III, conforme ao artigo 10.

Anuncio publicado en: Num BOP 250 año 2026 (31/10/2026 08:00:00)

8. Declaración responsable para solicitar a subvención

A persoa representante da entidade, baixo a súa responsabilidade, declara:

8.1. Sobre outras subvencións solicitadas ou recibidas para a mesma finalidade:

☐ NON solicitou nin recibiu outras axudas para a mesma finalidade

☐ SI (cubrir o cadro seguinte)

Subvención solicitada	Organismo ante o que se solicita	Contía solicitada (€)
TOTAL		

8.2. Que a acción para a que se solicita subvención se vai efectuar nos termos establecidos no proxecto da actividade ou programa que se presenta.

8.3. Que a subvención a percibir se destinará integramente ao financiamento da acción para a que se solicita.

8.4. Que a entidade está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias fronte á Axencia Estatal da Administración Tributaria, á Tesourería Xeral da Seguridade Social e ao Concello de Lugo.

8.5. Que a entidade non se atopa inhabilitada nin incursa en ningunha das causas de prohibición sinaladas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, para obter a condición de beneficiaria.

8.6.Que o persoal que desenvolve as súas funcións nesta entidade non ten relación laboral ningunha co Concello de Lugo.

8.7. Que son certos os ingresos de autofinanciamento declarados no criterio 2 desta solicitude, e que a entidade conserva os xustificantes correspondentes á disposición do Concello (substitúe a certificación de Tesourería esixida en convocatorias anteriores).

8.8. Que son certos os datos declarados no criterio 6 sobre a existencia, de ser o caso, de vogalía ou departamento de muller e igualdade, e sobre as actividades de promoción da igualdade nas que a entidade participa ou que promove (substitúe a certificación e as actas esixidas en convocatorias anteriores).

9. Comprobación de oficio e documentación que se achega

O Concello de Lugo comprobará de oficio a inexistencia de débedas da entidade coa facenda municipal e cos demais servizos municipais, sen necesidade de autorización nin de achega de documento ningún pola entidade. En cambio, a acreditación de estar ao corrente coa Axencia Estatal de Administración Tributaria e coa Seguridade Social correspóndelle á propia entidade, que deberá achegar os certificados correspondentes xunto con esta solicitude.

Documentación que se xunta á solicitude:

☐ Certificación da conta bancaria da asociación

☐ Certificado de estar ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT)

☐ Certificado de estar ao corrente das obrigas coa Tesourería Xeral da Seguridade Social

☐ Xustificación documental do local social (criterio 1), de ser o caso

☐ Programa oficial e folla de sinaturas da actividade de igualdade (criterio 6), de ser o caso

☐ Outra documentación (especificar)

Anuncio publicado en: Num BOP 250 año 2026 (31/10/2026 08:00:00)

10.Información básica sobre protección de datos persoais

Responsable	Concello de Lugo
Finalidade	Tramitación e resolución desta convocatoria de subvencións, e xestión do seu seguimento e xustificación
Lexitimación	Cumprimento dunha obriga legal e exercicio de poderes públicos conferidos ao Concello
Destinatarios	Base de datos nacional de subvencións (BDNS) e demais cesións previstas legalmente
Dereitos	Acceso, rectificación, supresión, limitación, portabilidade e oposición, exercitables ante o Concello de Lugo
Información adicional	Artigo 15 destas bases reguladoras

Lugar e data	

O/A PRESIDENTE/A,

(Documento asinado dixitalmente na data e hora indicadas á marxe)

Anuncio publicado en: Num BOP 250 año 2026 (31/10/2026 08:00:00)

ANEXO II — XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

CONCELLO DE LUGO ·Área de Economía, Participación, Servizos á Veciñanza e Benestar Animal

Xustificación de subvención para asociacións veciñais sen ánimo de lucro que desenvolven a súa actividade no eido da participación cidadá. Exercicio 2026.

1. Datos da asociación/entidade

Nome da entidade	
CIF	
Nº de Rexistro Municipal de Asociacións	
Enderezo social	
Concello	
Provincia	
Código postal	
Teléfono	
Correo electrónico corporativo	

2. Datos da persoa representante

Nome e apelidos	
NIF / NIE	
Cargo na asociación	
Correo electrónico para os efectos de notificación	

3. Programación anual do exercicio 2026

Especificar as accións programadas, indicando cales se desenvolveron e cales non e, neste último caso, explicando os motivos.

Programación anual executada

4. Liña 1 — Realización de actividades

Memoria da acción desenvolvida (descrición pormenorizada de cada acción concreta realizada)
Obxectivos acadados (resultados obtidos acordes cos fins da asociación)

Anuncio publicado en: Num BOP 250 año 2026 (31/10/2026 08:00:00)

Impacto: sectores que se beneficiaron da actividade

Colectivo destinatario (marcar o que proceda)	Homes	Mulleres	Total
☐ Infancia (0 a 10 anos)			
☐ Adolescencia (11a 17)			
☐ Idade adulta (18 a 64)			
☐ (65 a 80)			
☐ Máis de 80 anos			
☐ Poboación estudante			
☐ Poboación traballadora			
☐ Poboación pensionista			
☐ Minorías étnicas			
☐ Persoas en risco de exclusión social			
☐ Persoas con discapacidade			
TOTAL DE PARTICIPANTES			
Lugar onde se desenvolveu a actividade			
Cronograma de realización (cando se desenvolveron as actividades)			
Recursos materiais utilizados			
Recursos humanos utilizados			

Recursos económicos — orzamento detallado da actividade realizada

INGRESOS — Concepto	Importe (€)	GASTOS— Concepto	Importe (€)
		Persoal / monitoraxe / servizos culturais	
		Alugamento de espazos ou equipamento	
		Material e subministracións	
		Publicidade, imprenta e difusión	

Anuncio publicado en: Num BOP 250 año 2026 (31/10/2026 08:00:00)

		Desprazamento / aloxamento (non se admiten gastos de comida — art. 9)	
		Outros gastos correntes	
Importe total de ingresos		**Importe total de gastos**	

Resumo económico

Orzamento presentado (€)	**Orzamento executado (€) — non pode ser inferior ao 80 % do presentado**	**Desviación (€)**
Causas da desviación		

Relación clasificada de todos os gastos imputados á subvención (tanto os financiables como os que non o son)

Núm. e data de emisión da factura	**Data de pagamento**	**Acredor**	**Concepto**	**Importe total (€)**	**% imputado ao Concello**	**% imputado á entidade**

5. Liña 2 — Gastos de mantemento

Breve explicación das accións de mantemento, conservación e funcionamento realizadas

Orzamento detallado de mantemento executado

INGRESOS — Concepto	**Importe (€)**	**GASTOS — Concepto**	**Importe (€)**
		Persoal / monitoraxe / servizos culturais	
		Alugamento de espazos ou equipamento	
		Material e subministracións	
		Publicidade, imprenta e difusión	
		Desprazamento / aloxamento (non se admiten gastos de comida — art. 9)	
		Outros gastos correntes	
Importe total de ingresos		**Importe total de gastos**	

Anuncio publicado en: Num BOP 250 año 2026 (31/10/2026 08:00:00)

Resumo económico

Orzamento presentado (€)	Orzamento executado (€) — non pode ser inferior ao 80 % do presentado	Desviación (€)
Causas da desviación		

Relación clasificada de todos os gastos imputados á subvención (tanto os financiables como os que non o son)

Núm. e data de emisión da factura	Data de pagamento	Acredor	Concepto	Importe total (€)	% imputado ao Concello	% imputado á entidade

(*) Para xustificar gastos por subministracións (enerxía eléctrica, auga e similares) deberá achegarse ademais a Declaración responsable de uso de local e actividade do anexo III, conforme ao artigo 10.

6. Declaración responsable para xustificar a subvención

A persoa representante da entidade, baixo a súa responsabilidade, declara:

6.1. Sobre outras subvencións recibidas para a mesma finalidade:

☐ NON recibiu outras axudas para a mesma finalidade

☐ SI (cubrir o cadro seguinte)

Subvención recibida	Organismo concedente	Contía recibida (€)
TOTAL		

6.2. Que a acción para a que se solicitou a subvención se efectuou nos termos establecidos no proxecto da actividade ou programa presentado.

6.3. Que a subvención percibida se destinou integramente ao financiamento da acción para a que se solicitou.

6.4. Que a entidade está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias fronte á Axencia Estatal da Administración Tributaria, á Tesourería Xeral da Seguridade Social e ao Concello de Lugo.

6.5. Que a entidade non se atopa inhabilitada nin incursa en ningunha das causas de prohibición sinaladas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

6.6. Que as facturas presentadas para xustificar o gasto: (a) non foron nin serán presentadas, na porcentaxe imputada á subvención adxudicada polo Concello de Lugo, como xustificación de ningunha outra subvención pública ou privada; (b) non inclúen impostos indirectos susceptibles de recuperación ou compensación; e (c) conteñen gastos que xa foron aboados á persoa e/ou entidade acredora.

6.7. Que o persoal que desenvolve as súas funcións nesta entidade non ten relación laboral ningunha co Concello de Lugo.

6.8. Que a entidade vai seguir desenvolvendo as súas funcións ata o final deste exercicio económico.

Lugar e data	

O/A PRESIDENTE/A,

(Documento asinado dixitalmente na data e hora indicadas á marxe)

Anuncio publicado en: Num BOP 250 año 2026 (31/10/2026 08:00:00)

ANEXO III — DECLARACIÓN RESPONSABLE DE USO DE LOCAL E ACTIVIDADE

CONCELLO DE LUGO Área de Economía, Participación, Servizos á Veciñanza e Benestar Animal

Esixible, conforme ao artigo 10 destas bases, para xustificar gastos de mantemento por subministracións (enerxía eléctrica, auga e similares) dentro da Liña 2.

1. Datos da asociación

Nome da entidade	
NIF	
Domicilio social	
Persoa representante legal	
NIF / NIE da persoa representante	

2. Datos do local

Localización do local	
Referencia do contrato de subministración (de ser o caso)	

3. Declaración

A persoa abaixo asinante, na súa condición de representante legal da entidade, declara baixo a súa responsabilidade que a asociación fai uso de forma efectiva e continuada do local mencionado para o desenvolvemento dos seus fins estatutarios e actividades habituais, e que, para os efectos de xustificar as subministracións de enerxía eléctrica, auga e demais gastos derivados do mantemento da devandita sede, fai constar que:

3.1. Actividade continuada. A asociación mantén unha programación regular de actividades (reunións, obradoiros, atención a persoas socias e similares) que require o uso operativo das instalacións.

3.2. Vinculación dos gastos. Os consumos rexistrados nas facturas de subministracións corresponden exclusivamente ao exercicio da actividade da entidade no devandito inmoble.

3.3. Vixencia. A ocupación e o uso do local mantivéronse vixentes durante o exercicio 2026.

E para que así conste, para os efectos oportunos de acreditar a vinculación dos gastos de mantemento coa actividade propia da asociación, asínase esta declaración.

O PRESIDENTE,

(Documento asinado dixitalmente na data e hora indicada á marxe)

Anuncio publicado en: Num BOP 250 año 2026 (31/10/2026 08:00:00)

CUARTO: Que se publique o texto integro da resolución no Boletín Oficial da Provincia, no Taboleiro Electrónico Municipal, na páxina web (http://concellodelugo.gal), debendo inserirse no Portal de Transparencia e Bo Goberno do Concello de Lugo.

Estas bases entrarán en vigor ao día seguinte da publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e o prazo para presentar as solicitudes será de **QUINCE** DÍAS HÁBILES, que se contarán dende **o seguinte ao da publicación oficial do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo,** na forma e termos previstos na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (artigos 17.3.b, 18 e 20.8).

QUINTO: Indícaselles que esta resolución pon fin á vía administrativa, e contra ela poden interpoñer os seguintes recursos:

Recurso de reposición, con carácter potestativo, ante o mesmo órgano que ditou o acordo no prazo de UN MES (artigos 112,123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas).

O recurso interposto entenderase desestimado por silencio administrativo, se non houbese resolución expresa no prazo de UN MES, e quedará aberta a porta do recurso contencioso-administrativo, que deberá formularse dentro do prazo de SEIS MESES dende a data da desestimación por resolución presunta (artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa).

No caso de interposición deste recurso, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que o de reposición sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación presunta.

Recurso contencioso-administrativo, ante o xulgado do contencioso-administrativo (artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, segundo redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei orgánica 19/2003, do 23 de decembro, de modificación da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder xudicial), no prazo de DOUS MESES, contados dende o día seguinte ao da recepción desta notificación (art. 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa).

O que se fai público para xeral coñecemento, a fin de que as persoas interesadas poidan presentar as solicitudes que estimen oportunas".

Lugo, 28 de outubro de 2026.- A tenenta de alcaldesa delegada da Área de Economía, Participación, Servizos á Veciñanza e Benestar Animal, María del Mar Carballas Piñeiro.

R. 2975

Anuncio

DECRETO

Excma. Sra. dona María Elena Candia López, alcaldesa presidenta do Excmo. Concello de Lugo.

Vista a proposta efectuada polo xefe do Servizo de Persoal, en cuxa parte expositiva se fai constar o seguinte:

ASUNTO: LISTA PROVISIONAL DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUIDAS NO PROCESO SELECTIVO PARA O ACCESO EN PROPIEDADE A 3 PRAZAS DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A PERTENCENTES AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, EN QUENDA DE ACCESO LIBRE (OEP 2024).

O Servizo de Persoal do Excmo. Concello de Lugo, emite o seguinte informe proposta con relación á lista provisional de persoas admitidas e excluídas no proceso selectivo para o acceso en propiedade a tres (3) prazas de auxiliar administrativo/a pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en quenda de acceso libre (OEP 2024), tendo en conta os seguintes:

ANTECEDENTES DE FEITO

- A Xunta de Goberno Local adoptou na sesión do 15.01.2025 o Acordo núm. 9/15 polo que se aprobaron as bases específicas para o acceso en propiedade de 3 prazas de auxiliar administrativo/a pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en quenda de acceso libre (OEP 2024). Expte. Tecol: 2024/G004/000852.-

- O Decreto núm. 2136/2025, do 05/03/2025 resolveu convocar o proceso selectivo para o acceso en propiedade a 3 prazaz de auxiliar administrativo/a pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en quenda de acceso libre (OPE 2024), que se rexerá polas "bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios/as e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre así como as prazas reservadas a promoción interna", aprobadas por Acordo 10/857 da Xunta de Goberno adoptado na sesión ordinaria do 15 de novembro de 2023, e que se publicaron no Boletín Oficial da Provincia de Lugo núm. 278, do 4 de decembro de 2023, así como polas bases específicas aprobadas polo Acordo 7/13 adoptado pola Xunta de Goberno Local o 15 de xaneiro de 2025.

- O dito Decreto publicouse no BOP de Lugo núm. 074, do 31 de marzo de 2025 e un extracto da convocatoria no «Diario Oficial da Galicia» número 109, do 10 de xuño de 2025.

Anuncio publicado en: Num BOP 250 año 2026 (31/10/2026 08:00:00)